

MAIO 2010

# BOLETÍN ECOMUDES

www.redecomudes.org

## FORMACIÓN

### CURSO DE ELABORACIÓN DE PRODUCTOS ARTESANAIS

Data: 9 de xuño de 2010- 5 de xullo de 2010.  
Lugar: Taboadela (Ourense)  
Horario: Luns e mércores de 17:00 a 19:30 horas.  
Organiza: FADEMUR. Programa plurirrexional de formación financiado polo FSE e o MARM.  
Máis información: 988 471 500

## FORMACIÓN

### CURSO DE ELABORACIÓN DE PRODUCTOS ARTESANAIS

Data: 10-11 de xuño de 2010.  
Lugar: Salón Teatro, Praza do Concello. A Estrada (Pontevedra)  
Organiza: Unións Agrarias-UPA. Programa plurirrexional de formación financiado polo FSE e o MARM.  
Máis información: 981 530 500

## XORNADAS E CONGRESOS

### XESTIÓN DE EXPLOTACIÓN AVÍCOLAS

Data: 19-20 de maio de 2010  
Lugar: Restaurante Coteliño. Silleda (Pontevedra)  
Organiza: Unións Agrarias. Programa plurirrexional de formación financiado polo FSE e o MARM.  
Máis información: 981 530 500

### V XORNADAS ENERXÍAS RENOVABLES, AFORRO ENERXÉTICO E MEDIO AMBIENTE

Data: 28, 29 e 30 de maio de 2010.  
Lugar: Pazo da Cultura de Carballo. Carballo (A Coruña)  
Organiza: Axober asociación de xovenes empresarios de Bergantiños.

### A REFORMA DA PAC. VACÚN DE CARNE

Data: 28-29 de maio de 2010  
Lugar: Casa da Cultura de Becerreá. Becerreá (Lugo)  
Organiza: Unións Agrarias. Programa plurirrexional de formación financiado polo FSE e o MARM.  
Máis información: 981 530 500

### AS RESERVAS DA BIOSFERA: UNHA OPORTUNIDADE DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Data: 28-29 de maio de 2010  
Lugar: Edificio Sociocultural da Senra, Concello de Bergondo (A Coruña)  
Inscrición: Gratuíta ata o 26 de maio de 2010 e debe ser remitida ao enderezo electrónico: info@marinasbetanzos.org  
Organizador: Grupo de desenvolvemento rural Terras do Deza (GDR 22)

### CONFERENCIA INTERNACIONAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRITORIAL NA UE DESPOIS DO 2013

Data: 27-28 de maio de 2010  
Lugar: Hotel Los Abetos. C/ San Lázaro, s/n. Santiago de Compostela  
Inscrición: 983 117 176  
Organizador: Red Estatal de Desarrollo Rural (REDER) e Asociación Internacional Ruralité, Environment, Development (RED).

## SUBVENCIONS

Orde do 3 de maio de 2010 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2010.

Orde do 7 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de

## XORNADAS E CONGRESOS

### FORO DE SAÚDE E HÁBITAT. REHABILITACIÓN SOSTIBLE. CONSERVACIÓN DO TERRITORIO

Data: 15 de xuño de 2010  
Lugar: Auditorio de Rianxo  
Horario: 10:00 a 20:00 horas  
Acompañan o evento: stands de bioconstrución, aldeas rehabilitadas de Galicia, artesanía do mar, produtos ecolóxicos e exposicións de obras arquitectónicas de rehabilitación sostible e bioconstrución.

### ANÁLISES DAS REPERCUSIÓNS EN GALICIA DA REFORMA DA PAC

Data: 11-12 de xuño de 2010  
Lugar: Auditorio de Xuventudes. Cambados (Pontevedra)  
Organiza: Unións Agrarias. Programa plurirrexional de formación financiado polo FSE e o MARM  
Máis información: 981 530 500

### III CONGRESO DE AGROECOLOXÍA E AGRICULTURA ECOLÓXICA EN GALICIA

Data: 24-26 de xuño de 2010  
Lugar: Vigo  
Organiza: Universidade de Vigo

### VI CONGRESO AERNA. ASOCIACIÓN HISPANO-PORTUGUESA DE ECONOMÍA DOS RECURSOS NATURAIS

O congreso contará con dúas sesións plenarias, unha asamblea xeral ordinaria AERNA, catro sesións paralelas e unha sesión plenaria de peche.  
Data: 2 de xuño de 2010  
Lugar: Vecindario (Las Palmas)  
Organizador: AERNA, Concello de Santa Lucía e Universidade de Las Palmas.

### XII XORNADAS DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES. EDUCACIÓN EN IGUALDADE

Data: 4 e 5 de xuño de 2010  
Lugar: Concello de Mugardos (A Coruña)  
Inscrición: Gratuíta no Departamento de Servizos Sociais e Igualdade (Mugardos)  
Organiza: Servizos Sociais de Mugardos.

## SUBVENCIONS

accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o exercicio de 2010. (Beneficiarios: empresas e agrupacións de empresas, e as corporacións de dereito público, pertencentes aos sectores estratéxicos na situación sociolaboral de Galicia: textil, alimentación, madeira, construción, metal, agrario, pesqueiro).

# MAICA E MARINA. EMPRESA LICORES "OS MAIOS". LEIRO (OURENSE)

A afección dunha das promotoras da empresa por todo tipo de manualidades, levounas a unificar ambas as dúas experiencias e a facer unha empresa de licores artesanais seguindo o método de traballo e elaboración totalmente

artesanal para conseguir produtos naturais e creando así a empresa Mariña e Maica S.L.

Decidíronse polo nome "Os Maios" porque é unha festa moi antiga que se segue celebrando na provincia de

Ourense onde elas teñen a súa empresa.

Os produtos que elaboran son licores artesanais tradicionais galegos, envasados en botellas pintadas a man e repuxadas artesanalmente: licor de café,

café descafeinado, herbas, tostada, canela, folla de figueira, crema de orujo... utilizando como materias primas a augardente, o azucre e produtos naturais (café, herbas, froitas...).



## PROXECTOS-INICIATIVAS EMPRESARIAIS

## PROXECTOS-INICIATIVAS EMPRESARIAIS

### XABÓNS, CREMAS E PRODUTOS DE BELEZA "AROMAS DE LOS FILABRES"

A iniciativa xorde das mans de Marta, unha rapaza con coñecementos de química e botánica que empezou a facer xabóns para aproveitar o sobranche da colleita de aceite.

Pouco a pouco foi experimentando para elaborar outros produtos como o aceite de romeiro, as cremas e os protectores labiais. Como os produtos tiñan unha grande aceptación entre veciños e amigos, decidiu dar un paso adiante e converter a súa afección nunha actividade máis formal. Deste xeito, solicitou o Rexistro Sanitario e tamén quixo dar ao cliente unha garantía de calidade adicional solicitando o certificado de produto ecolóxico e sacando ao mercado a liña ECO de Aroma de Los Filabres.

Este selo require dunha identificación de todos os ingredientes utilizados na formulación así coma a súa proporción, datos que se revisan anualmente mediante unha auditoría. Por todo iso está especialmente orgullosa de facer un produto de gran calidade e recoñecemento utilizando para iso un proceso artesanal.

### CAPTADOR DE BRUMAS

Unha das accións máis suxerente é a instalación de dous captadores de brumas realizada por unha muller en Tenerife: o sistema permite condensar a humidade das brumas da illa e almacenar auga para usala posteriormente para o rego da súa propia finca e para o consumo humano.

### FÁBRICA DE COMPOST

Iniciativa correspondente a unha emprendedora catalana (Berguedá) que pon en marcha un centro de produción de compost de restos de madeira e casca de serradoiros locais. A cargo do Leader II, en dúas fases cofinanciouse a nova nave industrial, unha peneira e unha liña de envasado. Con todo isto creáronse 4 postos de traballo.

## FEIRAS E EXPOSICIÓNS

## FEIRAS E EXPOSICIÓNS

### VII EDICIÓN "BIOTERRA 2010"

[http://bioterra.ficoba.org/general.asp?subsec=1\\_1](http://bioterra.ficoba.org/general.asp?subsec=1_1)  
Contido: Alimentos de Agricultura Ecolóxica. Bioconstrución. Enerxías renovables. Prendas Ecolóxicas. Cosméticos Ecolóxicos. Xestión Ecolóxica de Residuos. Iniciativas Públicas de Medio ambiente. Editoriais e Publicacións. Varios. Produtos de limpeza e fogar.  
Data: 4-6 de xuño de 2010  
Lugar: Recinto Ferial de Gipuzkoa.  
Organizador: FICOPA FUNDAZIOA.

### SEMANA VERDE DE GALICIA 33ª EDICIÓN

Feira Internacional Gandeira, Maquinaria Agrícola e Forestal.  
Data: 10-13 de xuño de 2010  
Lugar: Recinto Feiral s/n. Silleda (Pontevedra)  
Entrada: gratuíta.

## NOVIDADES

## NOVIDADES

A Subdirectora Xeral de Igualdade e Modernización do MARM, Paloma López Izquierdo, participou o 11 de maio de 2010 en Logroño no acto de presentación do portal de venda electrónica de produtos elaborados por artesás a empresarias rurais, "artemur.org", onde destacou que a presenza e actividade das mulleres no mundo rural favorece o desenvolvemento pleno e duradeiro deste medio, dándolle viabilidade e

evitando o despoboamento. O portal agrupa a unhas 50 artesás e 500 produtos de diferentes CC.AA. Nesta páxina web, as artesás presentan os produtos que elaboran ademais de difundir a riqueza do medio rural no que viven. Tamén se pode consultar no portal unha lista de empresarias do mundo rural de cada CC.AA., así coma información para a posta en marcha de empresas de artesanía.